

1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15014556	Coroso	Ribeira	2018/2019

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
TMV	Transporte e mantemento de vehículos	CMTMV02	Electromecánica de vehículos automóbiles	Ciclos formativos de grao medio	Réxime de adultos

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesiós semanais	Horas anuais	Sesiós anuais
MP0260	Mecanizado básico	2018/2019	3	107	107

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	LORENA CERDEIRO NÚÑEZ
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector



2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

A presente programación está elaborada tendo en conta o decreto 94/2011, do 28 de abril, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de técnico en electromecánica de vehículos automóbiles.

O presente decreto establece o currículo que será de aplicación na Comunidade Autónoma de Galicia para as ensinanzas de formación profesional relativas ao título de técnico en electromecánica de vehículos automóbiles, determinado polo decreto 94/2011, do 28 de novembro.

En canto á identificación do título, perfil profesional, contorno profesional e perspectiva do título no sector ou nos sectores, o título de técnico en electromecánica de vehículos automóbiles identifícase polos seguintes elementos:

- Denominación: electromecánica de vehículos automóbiles.
- Nivel: formación profesional de grao medio.
- Duración: 2.000 horas.
- Familia profesional: transporte e mantemento de vehículos.
- Referente europeo: CINE - 3 (Clasificación Internacional Normalizada da Educación).

Competencias profesionais, persoais e sociais.

As competencias profesionais, persoais e sociais deste título son as que se relacionan a continuación:

- a) Obter un prediagnóstico dos problemas de funcionamento dos vehículos para elaborar a orde de traballo correspondente.
- b) Realizar o diagnóstico de avarías dun vehículo, seleccionando os medios e os equipamentos necesarios, e operando con eles, consonte unha orde lóxica de operacións.
- c) Xestionar a área de recambios de vehículos, tendo en conta as existencias en función das variables de compra e venda.
- d) Definir as características que deben cumprir os cadros de traballo e os útiles necesarios en operacións de mantemento, para proceder ao seu deseño.
- e) Xestionar a limpeza e a orde no lugar de traballo conforme os requisitos de saúde laboral e de impacto ambiental.
- f) Efectuar consultas á persoa adecuada, respectar a autonomía do persoal subordinado e informar cando sexa conveniente.
- g) Manter o espírito de innovación e actualización no ámbito do traballo propio, para se adaptar aos cambios tecnolóxicos e organizativos do contorno profesional.
- h) Liderar situacións colectivas que se poidan producir, mediar en conflitos persoais e laborais, e contribuír ao establecemento dun ambiente de traballo agradable, actuando con sinceridade, respecto e tolerancia.
- i) Adaptarse a diferentes postos de traballo e a novas situacións laborais, orixinados por cambios tecnolóxicos e organizativos.
- j) Resolver problemas e tomar decisións individuais, consonte as normas e os procedementos establecidos, definidos dentro do ámbito da súa competencia.
- k) Exercer os dereitos e cumprir as obrigas que se derivan das relacións laborais, de acordo co establecido na lexislación.
- l) Xestionar a propia carreira profesional, analizando as oportunidades de emprego, de autoemprego e de aprendizaxe.
- m) Participar na vida económica, social e cultural con actitude crítica e responsable.

Contorno profesional:

Esta figura profesional exerce a súa actividade no sector de construción e mantemento de vehículos, nos subsectores de automóbiles, vehículos pesados, tractores, maquinaria agrícola, de industrias extractivas, de construción e de obras públicas.

As empresas nas que desempeñan esa labor son:

- Empresas fabricantes de vehículos e compoñentes.
- Empresas dedicadas á inspección técnica de vehículos.
- Laboratorios de ensaios de conxuntos e subconxuntos de vehículos.



- Empresas dedicadas á fabricación, a venda e a comercialización de equipamentos de comprobación, diagnose e recambios de vehículos.
- Empresas de flotas de alugamento de vehículos, servizos públicos, e transporte de pasaxeiros e de mercadorías.

A saída profesional desta especialidade adaptase perfectamente a zona da Barbanza na que se ubica o centro posto que existe unha ampla oferta de talleres de reparación de vehículos.

O módulo de mecanizado básico, supón un conxunto de coñecementos e destrezas empregadas en todas as operacións básicas na reparación de vehículos, dentro do sector da automoción moi presente na comarca do Barbanza.

**3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha**

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Elaboración de esbozos de pezas	Debuxo técnico básico. Simbología: normalización Planta, alzado, vistas e seccións. Cotación.	15	15
2	Trazado de pezas	Fundamentos de metroloxía. Sistemas de medidas. Magnitudes e unidades. Instrumentos de medida directa. Aparellos de medida. Teoría do nonius. Tipos de medidas. O trazado na elaboración de pezas. Obxecto do trazado. fases de procesos. Útiles de trazado. Operacións de trazado	15	15
3	Mecanizado manual	Características dos materiais metálicos máis usados no automóbil: fundición, aceiros, aliaxes de aluminio, etc. Limadura: obxecto, técnicas, tipos. Serrado.	30	30
4	Técnicas de roscaxe	Obxecto da tradeadura. Procesos e cálculos para a execución de roscas. Brocas. Parafusos	30	25
5	Unións por soldadura branda.	Procesos de execución de soldaduras: materiais de achega, desoxidantes, preparación do metal base, o estaño.	17	15



4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Elaboración de esbozos de pezas	15

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Debuxa esbozos de pezas e interpreta a simboloxía específica, aplicando os convencionalismos de representación correspondentes.	SI

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Representáronse a man alzada vistas de pezas.
CA1.2 Interpretáronse as vistas, as seccións e os detalles do esbozo, e determinouse a información contida neste.
CA1.3 Utilizouse a simboloxía específica dos elementos.
CA1.4 Reflectíronse as cotas.
CA1.5 Aplicáronse as especificacións dimensionais e as escalas na realización do esbozo.
CA1.6 Realizouse o esbozo con orde e limpeza.
CA1.7 Verificouse que as medidas do esbozo correspondan coas obtidas no proceso de medición de pezas, elementos ou transformacións para realizar.

4.1.e) Contidos

Contidos
Debuxo técnico básico.
Normalización de planos.
Simboloxía: normalización.
Planta, alzado, vistas e seccións.
Cotación.
Técnicas de esbozamento.



4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Trazado de pezas	15

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Traza pezas para o seu posterior mecanizado, tendo en conta a relación entre as especificacións do esbozo e dos planos, e a precisión dos equipamentos de medida.	SI

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Identifícanse os equipamentos de medida (calibre, Palmer, comparadores, transportadores e goniómetros) e realízase o seu calado e a súa posta a cero en casos necesarios.
CA2.2 Descríbiuse o funcionamento dos equipamentos de medida en relación coas medidas que haxa que efectuar.
CA2.3 Descríbense os sistemas métrico e anglosaxón de medición, e interpretáronse os conceptos de nonius e de apreciación.
CA2.4 Estudáronse e interpretáronse adecuadamente os esbozos e os planos para efectuar a medición e o trazado de pezas.
CA2.5 Realizáronse cálculos de conversión de medidas entre o sistema métrico decimal e o anglosaxón.
CA2.6 Realizáronse medidas interiores, exteriores e de profundidade cos instrumentos adecuados e coa precisión esixida.
CA2.7 Seleccionáronse os útiles necesarios para realizar o trazado das pezas e efectuouse a súa preparación.
CA2.8 Executouse o trazado adecuadamente e con precisión para a realización da peza.
CA2.9 Verificouse que as medidas de trazado correspondan coas dadas no esbozo e nos planos.

4.2.e) Contidos

Contidos
Fundamentos de metroloxía. Sistemas de medidas.
Operacións de trazado.
Magnitudes e unidades.
Instrumentos de medida directa.
Aparellos de medida por comparación. Apreciación dos aparellos de medida.
Teoría do nonius.
Tipos de medida.
O trazado na elaboración de pezas.
Obxecto do trazado, fases e procesos.
Útiles do trazado.



4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Mecanizado manual	30

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Mecaniza pezas manualmente, tendo en conta a relación entre as técnicas de medición e as marxes de tolerancia das medidas dadas no esbozo e nos planos.	SI
RA6 - Constrúe pequenos útiles adaptados ás necesidades do traballo, e avalía as condicións de manipulación e execución.	NO

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Explicáronse as características dos materiais metálicos máis usados no automóbil (fundición, aceiros, aliaxes de aluminio, etc).
CA3.2 Identificáronse as ferramentas necesarias para a realización do mecanizado.
CA3.3 Clasificáronse os tipos de limas atendendo ao seu picado e á súa forma, tendo en conta o traballo que vaian realizar.
CA3.4 Seleccionáronse as follas de serra tendo en conta o material para cortar.
CA3.5 Determinouse a secuencia de operacións necesarias.
CA3.6 Relacionáronse as ferramentas de corte con desprendemento de labra cos materiais, os acabamentos e as formas que se desexen.
CA3.7 Estudáronse e interpretáronse adecuadamente os esbozos e os planos para executar a peza.
CA3.8 Déronse á peza as dimensións e a forma estipuladas, aplicando as técnicas correspondentes (limadura, corte, etc.).
CA3.9 Efectuouse o corte de chapa con tesoiras previamente seleccionadas en función dos cortes.
CA3.10 Respectáronse os criterios de calidade requiridos.
CA6.1 Relacionouse a solución construtiva cos materiais e os medios que se utilizaran.
CA6.3 Propuxéronse solucións alternativas aos problemas expostos.

4.3.e) Contidos

Contidos
Características dos materiais metálicos máis usados no automóbil: fundición, aceiros, aliaxes de aluminio, etc.
Obxecto da limadura.
Uso e tipos de limas atendendo á súa forma e ao seu picado.
Técnicas de limadura.
Corte de materiais con serra de man.
Follas de serra: características e tipos; elección en función do traballo que se vaia realizar.



Contidos

Operacións de serraxe.

Corte con tesoiras de chapa: tipos de tesoiras.

Procesos de corte con tesoiras de chapa.



4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Técnicas de roscaxe	30

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Rosca pezas exteriormente e interiormente, para o que executa os cálculos e as operacións necesarias.	SI
RA6 - Constrúe pequenos útiles adaptados ás necesidades do traballo, e avalía as condicións de manipulación e execución.	NO

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Descríbiuse o proceso de tradeadura e os parámetros que cumpra axustar nas máquinas segundo o material que se tradee.
CA4.2 Calculouse a velocidade da broca en función do material que se vaia tradear e do diámetro do trade.
CA4.3 Calculouse o diámetro do furado para efectuar roscas interiores.
CA4.4 Axustáronse os parámetros de funcionamento das máquinas tradeadoras.
CA4.5 Executáronse os furados nos sitios estipulados e efectuouse a lubricación adecuada.
CA4.6 Efectuouse o escareamento tendo en conta o furado e o elemento para embutir nel.
CA4.7 Selecionouse a vara tendo en conta os cálculos efectuados para a realización do parafuso.
CA4.8 Seguíuse a secuencia correcta nas operacións de roscaxe interior e exterior, e efectuouse a lubricación correspondente.
CA4.9 Verificouse que as dimensións dos elementos roscados, así como o seu paso, sexan as estipuladas.
CA4.10 Respectáronse os criterios de seguridade e de protección ambiental.
CA4.11 Descríbironse os tipos de roscas en relación cos posibles usos no automóbil.
CA4.12 Relacionáronse os tipos de brocas cos materiais que haxa que tradear, e explicáronse as partes dunha broca (ángulo de corte, destalonamento, etc.).
CA6.2 Xustificouse a solución elixida.

4.4.e) Contidos

Contidos
Obxecto da tradeadura.
Normalización e representación de roscas.
Cálculos para a execución de roscas interiores e exteriores.
Medición de roscas.
Procesos de execución de roscas.



Contidos

Máquinas de tradear.

Parámetros para ter en conta en función do material que se pretenda tradear.

Brocas: tipos e partes.

Proceso de tradeadura.

Escareamento.

Clases de parafusos.

Partes das roscas: tipos de roscas e o seu uso.

Sistemas de roscas.



4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Unións por soldadura branda.	17

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Realiza unións de elementos metálicos mediante soldadura branda e describe as técnicas utilizadas en cada caso.	SI
RA6 - Constrúe pequenos útiles adaptados ás necesidades do traballo, e avalía as condicións de manipulación e execución.	NO

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA5.1 Descríbense as características e as propiedades da soldadura branda.
CA5.2 Realízase a preparación da zona de unión e elimináronse os residuos.
CA5.3 Selecciónase o material de achega en función do material base e a unión que haxa que efectuar.
CA5.4 Selecciónáronse e preparáronse os desoxidantes adecuados á unión que se pretenda efectuar.
CA5.5 Selecciónáronse os medios de soldaxe segundo a soldadura que se vaia efectuar.
CA5.6 Efectuouse o acendido de soldadores e lampadiñas respectando os criterios de seguridade.
CA5.7 Efectuouse a unión e o recheo de elementos, e comprobouse que cumplan as características de resistencia e homoxeneidade requiridas.
CA5.8 Descríbense os compoñentes dos equipamentos de soldadura branda e mais o seu funcionamento.
CA5.9 Conseguíronse as características prescritas nas soldaduras executadas.
CA6.1 Relacionouse a solución construtiva cos materiais e os medios que se utilizaran.
CA6.3 Propuxéronse solucións alternativas aos problemas expostos.
CA6.4 Aplicáronse os procesos de conformación e de unión adecuados aos materiais utilizados na fabricación dos útiles.
CA6.5 Executáronse secuenciadamente os procesos necesarios para a fabricación do útil ideado.
CA6.6 Analizáronse as características construtivas e de seguridade dos útiles fabricados e o seu uso nos procesos de reparación, para conseguir unha maior produtividade.

4.5.e) Contidos

Contidos
Equipamentos de soldar: soldadores e lampadiñas.
Materiais de achega.
Desoxidantes máis utilizados.
Preparación do metal base.



Contidos

O estaño.

Procesos de execución de soldaduras.

Conformación de metais

Unión de metais.

Tolerancias de medidas.

Mantemento de ferramentas.

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

MÍNIMOS EXIXIBLES:

Co fin de garantir o dereito do alumnado a que o seu rendemento escolar sexa avaliado con plena obxectividade, no desenvolvemento das unidades didácticas desta programación recolléronse os criterios de avaliación que serán aplicados para evidenciar a adquisición das capacidades establecidas no currículo. Unha das primeiras actividades de cada unidade será a exposición ao alumnado das mesmas.

En cada unidade didáctica están sinalados os considerados como mínimos esixibles para poder superar a materia.

CUALIFICACIÓN DO MÓDULO:

A cualificación final do módulo resultará da media ponderada das unidades didácticas tendo en conta o peso da cualificación de cada unidade didáctica con respecto ao total da porcentaxe total (100%) que representa o módulo.

Así as porcentaxes do peso de cada unidade didáctica recollidas son:

U.D.1: Elaboración de esbozos de pezas: 15%

U.D.2: Trazado de pezas: 15%

U.D.3: Mecanizado manual: 30%

U.D.4: Técnicas de roscaxe: 25%

U.D.5: Unións por soldadura branda: 15%

Para superar o módulo haberá que superar cada unha das UD. unha nota igual ou maior a 5.

CUALIFICACIÓN DA UD:

A cualificación de cada unha das unidades didácticas levarase a cabo do seguinte xeito:

-EXAME TEÓRICO 50%: realizándose como mínimo un exame teórico por unidade didáctica, podendo realizarse varios dentro da mesma unidade, sendo necesario acadar unha puntuación mínima de un 4 para facer media co resto de partes. No caso de realizar varios exames teóricos dentro da mesma unidade didáctica a nota obtense da media aritmética destes.

O exame teórico poderá contar con preguntas tipo test, preguntas de verdadeiro e falso, cuestións, gráficos ou esquemas a explicar ou nomear, exercicios de cálculo ou preguntas referentes a procedementos levados a cabo nas clases teóricas e prácticas.

PRÁCTICAS 30%: en función da/s unidade/s didáctica/s impartida/s en cada avaliación levaranse a cabo diferentes prácticas nas que se inclúen: manipulación de diversos instrumentos de medida, construción de pezas no taller que impliquen a práctica dos procesos descritos na teoría (serrado, limado, tradeado, ç) e soldadura branda.

As pezas construídas valoraranse mediante ficha de avaliación facilitada ó alumnado, na que se especifican as porcentaxes correspondentes a cada ítem a puntuar. Os ítems a valorar agrúpanse en tres grandes grupos: corrección das medidas da peza, xeometría e acabado superficial. Será imprescindible obter un mínimo dun 4 neste apartado para poder facer media coas restantes partes.

OBSERVACIÓN DIARIA EN AULA E PRÁCTICAS 10 %, considérase co máximo valor cando o/a alumno/a demostra que está atento as explicacións, participa das mesmas, e nas distintas prácticas propostas (tanto fóra como dentro do centro educativo), mostrando interese cara a aprendizaxe considérase co máximo valor cando participa nas clases e nas distintas labores individuais ou colectivas encomendadas. Valoraranse tamén o respecto ó resto de alumnado e profesorado, a mostra de responsabilidade, autonomía, iniciativa e motivación no traballo desvolvido tanto na aula, como nas prácticas ou en actividades externas que se organicen, así como a actitude e comportamento mostrado. Será imprescindible



obter un mínimo dun 5 neste apartado para superar a materia.

-TRABALLOS INDIVIDUAIS E COLECTIVOS 10 %. Onde se inclúen as cuestión e os traballos propostos, valorándose a nota media aritmética dos mesmos. É imprescindible entregar os traballos en tempo, formato e forma segundo o guión facilitado para poder ser avaliado. Neste guión tamén estarán recollidos os criterios de avaliación de cada un dos traballos en particular.

Será imprescindible obter un mínimo dun 4 neste apartado para poder facer media coas restantes partes.

Para poder superar o módulo, será preciso que a nota global deste sexa igual ou superior a 5 puntos.

Nos apartados de prácticas e traballos, no caso de non haber traballos o total da nota farase tendo en conta as prácticas, e se non hai prácticas o total da nota farase tendo en conta os traballos.

De non haber prácticas nin traballos de aula, a nota farase tendo en conta os exames escritos.

A profesora responsable da avaliación do módulo poderá excluír de calquera parte da proba dun determinado módulo profesional as persoas aspirantes que leven a cabo calquera actuación de tipo fraudulento (copiar, falar cun/cunha compañeiro/a, usar o móbil, disrumpir o correcto desenvolvemento da proba, etc) ou incumpran as normas de prevención, protección e seguridade, sempre que poidan implicar algún tipo de risco para si mesmas, para o resto do grupo ou para as instalacións, durante a realización das probas.

Unha vez iniciada calquera das probas, non se permitirá o acceso a ningún dos/as candidatos/as que non chegase á hora á que estaba convocado/a, salvo causa debidamente xustificada e que ningún compañeiro/a tivera abandonado a aula desde que se iniciara o exame.

Para acudir aos exames será obrigatorio presentarse co material necesario para a realización do mesmo (material para escribir e calculadora naquelas probas que sexa necesaria, así como funda, calzado e gafas de seguridade para as probas que teñan lugar no taller).

Os teléfonos móbiles non serán admitidos como calculadoras en ningún caso e deberán permanecer apagados ou en silencio durante as clases ou desenvolvemento das probas. O uso dos mesmos durante unha proba será motivo de descalificación da mesma.

O alumnado que non poidan acudir ao exame na data establecida non terán dereito á repetición do mesmo, salvo causa debidamente xustificada de xeito documental por parte de organismos oficiais.

En caso de non superar a avaliación positiva en cada unidade didáctica o/a alumno/a disporá da posibilidade dunha recuperación das mesmas das partes suspensas na avaliación na que se impartiu. En caso de que a valoración desta mesma sexa negativa ou acadar perda dereito da avaliación continua por faltas de asistencia, o alumnado disporá dunha proba teórico-práctica (exame final) no fin da terceira avaliación, que recolla o contido de tódalas unidades didácticas. O alumnado deberá sacar a lo menos un cinco para superar o módulo.

En cada avaliación obterase a nota da mesma mediante a media aritmética das notas das unidades didácticas que quedaron completamente avaliadas nese trimestre e deberá ser igual ou superior a 5.

A nota final do módulo obterase, como se explicou anteriormente, de aplicar as porcentaxes correspondentes do peso de cada unidade didáctica sobre a nota de cada unha delas e deberá ser igual ou superior a 5 para superar o módulo.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

O alumnado deberá sacar como mínimo un cinco de nota global do módulo para superar o mesmo. No caso de non acadar esta cualificación será preciso que realice as actividades de recuperación. Por cada avaliación o alumnado terá a posibilidade tanto de realizar un exame de recuperación



das partes suspensas en esa avaliación ó final da mesma, como de recuperar aquelas actividades (prácticas, traballos, etc) nas que non alcanza os mínimos esixidos.

Ademais, o alumnado disporá no mes de xuño dunha proba de avaliación final das partes pendentes de todo o curso. Para elo ó finalizar a terceira avaliación elaborárase un informe individualizado, que se entregará ó alumno ou alumna onde se indican os contidos pendentes e que deben ser avaliados de novo en dita proba final. Para proceder a esta recuperación final será preciso que o alumnado con partes suspensas leve a cabo, previo ás probas, unha serie de exercicios e actividades, tanto teóricos como prácticos, coa finalidade de que poida acadar os coñecementos ou procedementos mínimos esixibles establecidos na presente programación.

As actividades para a recuperación das partes de carácter teórico, as cales poderán ser realizadas de forma autónoma polo alumnado e sempre baixo a supervisión e o apoio do profesorado, serán as seguintes:

- Traballos escritos sobre as unidades non superadas.
- Exames escritos que inclúan cuestións, preguntas tipo test, exercicios de cálculos, interpretación ou realización de gráficos

As actividades para a recuperación das partes de carácter práctico que se levarán a cabo nos talleres, serán as seguintes:

- Probas prácticas similares as realizadas durante o desenvolvemento das diferentes unidades ao longo do curso.

As probas a realizar neste periodo terán a mesma estrutura que as realizadas durante todo o curso.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

O proceso de avaliación é un proceso continuo, que implica a asistencia regular do alumnado a clase e ás actividades programadas para os distintos módulos.

Segundo a normativa vixente o número máximo de faltas por curso que o alumnado poderá deixar de asistir a cada módulo profesional, para ter dereito a ser avaliado polo procedemento ordinario, non poderá ser superior o 10% da duración do módulo, sendo estas faltas de carácter inxustificadas. Ademais, segundo o NOF do CIFP Coroso, tamén se perderá o dereito a avaliación continua no caso se o/a alumno/a conte cun 25% de faltas do módulo considerando estas as xustificadas e inxustificadas.

Segundo o NOF do C.I.F.P. Coroso, consideraranse faltas xustificadas as citadas a continuación:

- Enfermidade ou accidente, hospitalización ou intervención cirúrxica, con xustificante do facultativo.
- Asistencia a consultas e revisións médicas, sempre que sexa necesario dentro das sesións lectivas do grupo, con xustificante do facultativo.
- Nacemento, falecemento, accidente ou enfermidade grave, hospitalización ou intervención cirúrxica dun familiar ata 2º grao, con xustificante do facultativo e libro de familia. O equipo docente determinará o tratamento xustificado destas faltas.
- Deber inexcusable de carácter público ou persoal, con xustificante oficial.
- Concorrer a exames, probas de aptitude ou selectivas, con xustificante oficial.
- Por participar nunha xornada de folga como medida de protesta colectiva. Nestes casos será obrigatorio que o delegado/a de grupo presente en Xefatura da Área de Formación a listaxe do alumnado que pretende participar na mesma, asinado por cada compañeiro/a e sempre acompañado da convocatoria legalmente establecida para cada folga, con antelación dun mínimo de 48 horas. En todo caso, o alumnado terá a obriga de realizar todas aquelas probas que estivesen planificadas previamente polo docente para esa/s data/s, así como respectar a entrega de tarefas contempladas na programación, de ser o caso. Do mesmo xeito, o docente poderá dar por impartida a materia que estivese programada.
- Por encontrarse o alumnado dentro da súa xornada laboral, con xustificante de contrato vixente e/ou vida laboral.
- Alumnado que non poida asistir ás clases por suspensión da asistencia debido a faltas leves ou graves contrarias ás normas de convivencia do centro.
- Asistencia a probas oficiais de competición de deportistas de alto nivel, aportando xustificante oficial.



O resto das faltas considéranse inxustificadas.

A superación destas porcentaxes da lugar a perda de avaliación continua por parte do/a alumno/a. No caso deste módulo o número máximo de faltas posible será de 11 sesións, sendo a partir desta a perda de dereito de avaliación continua. Este alumnado, para poder superar o módulo terá que superar na terceira avaliación unha proba extraordinaria A data de dita proba comunicaráselle ó alumnado co tempo que fixe a lei a través do taboleiro de anuncios do centro.

Nesta proba, o alumnado terá que demostrar que posúe os coñecementos mínimos esixibles de cada un dos bloques de contidos desta programación.

Esta proba constará de dúas partes:

1ª parte: proba teórica que versará sobre os contidos de cada unha das unidades formativas do currículo do módulo. Esta parte será calificada cunha nota numérica de 1 a 10 e suporá un 50% da nota final.

2ª parte: proba práctica na que se levará a cabo como mínimo unha das prácticas realizadas polo alumnado en cada trimestre. Tamén se poderá con proba escrita sobre cuestións referentes a aspectos prácticos do módulo. Esta parte será calificada cunha nota numérica de 1 a 10 e suporá un 50% da nota final.

Nota: a primeira parte da proba celebrárase nun único día. A segunda parte poderá durar máis dun día. Aquel alumnado que non supere a primeira parte da proba, non poderá realizar a segunda parte.

A profesora responsable da avaliación do módulo poderá excluír de calquera parte da proba dun determinado módulo profesional as persoas aspirantes que leven a cabo calquera actuación de tipo fraudulento ou incumplan as normas de prevención, protección e seguridade, sempre que poidan implicar algún tipo de risco para si mesmas, para o resto do grupo ou para as instalacións, durante a realización das probas.

A profesora responsable da avaliación do módulo poderá requirir en calquera momento ás persoas aspirantes que acrediten a súa identidade. En todo caso, para o acceso a proba será preciso identificarse mediante o Documento Nacional de Identidade ou calquera outra documentación co mesmo carácter oficial.

Unha vez iniciada calquera das probas, non se permitirá o acceso a ningún dos/as candidatos/as que non chegase á hora a que estaba convocado/a.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

SEGUIMENTO DA PROGRAMACIÓN:

Para levar a cabo o seguimento da programación, o equipo docente, formado por todos os profesores que imparten clase no grupo, celebraremos, unha vez ao mes, unha xuntanza para analizar o grao de cumprimento das programacións. Ademais, seguindo o procedemento de calidade correspondente, na propia aplicación da programación realizarase o seguimento da impartición desta, reflectindo a execución do programado segundo se van realizando as distintas actividades, ou como mínimo mensualmente. Indicaranse as UD e actividades que se van impartindo, con datas de inicio e fin, explicando razoadamente posibles diferenzas entre o programado e o realizado (temporalización, orde, etc).

Para facer este seguimento utilizarase o modelo establecido polo sistema de xestión da calidade implantado no centro, no que se concretarán, tanto o grao de cumprimento da programación, como as modificacións levadas a cabo na mesma, coa xustificación do por qué destas modificacións, así como as propostas de mellora da mesma.



AVALIACIÓN DA PROPIA PRÁCTICA DOCENTE:

Realizaranse enquisas ó alumnado sobre a propia labor docente. A través das enquisas, onde se indica a satisfacción por módulos, advertiranse posibles problemas para tomar as medidas correctoras necesarias nas reunión do equipo docente de grupo.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Ao comezo das actividades do ciclo formativo, o equipo docente realizará unha sesión de avaliación inicial do alumnado, que terá por obxecto coñecer as características e a formación previa de cada alumno e de cada alumna, así como as súas capacidades. Así mesmo, deberá servir para orientar e situar o alumnado en relación co perfil profesional correspondente.

Nesta sesión, a titora dará a información dispoñible sobre as características xerais do grupo ou sobre as circunstancias especificamente académicas, ou persoais con incidencia educativa. Esta información poderase obter a partir:

- 1- Dos informes individualizados de avaliación da etapa anteriormente cursada, se o centro os tivese ou se os alumnos ou alumnas os achegan.
- 2- Dos estudos académicos ou as ensinanzas de formación profesional (de carácter regrado, ocupacional ou continuo) previamente realizados.
- 3- Do acceso mediante proba para o alumnado sen titulación.
- 4- Dos informes ou ditames específicos do alumnado discapacitado ou con necesidades educativas especiais que poida haber no grupo.
- 5- Da experiencia profesional previa.
- 6- Da matrícula condicional do alumnado estranxeiro.
- 7- Da observación do alumnado e as actividades realizadas nas primeiras semanas do curso. Para elo realizarase nas primeiras semanas de curso unha proba de avaliación inicial escrita con diversas cuestións sobre a materia que consistirán en realización e esbozos, exercicios, cuestións de resposta curta, etc. Tamén se realizará un cuestionario inicial sobre a súa formación académica previa, experiencia profesional e intereses do alumnado, facilitado polo centro educativo.

Os acordos que adopte o equipo docente nesta sesión de avaliación recolleranse nunha acta, especialmente aqueles que teñan que ver cos aspectos de flexibilización na duración das ensinanzas para alumnado con necesidades educativas especiais.

Esta avaliación inicial en ningún caso levará consigo cualificación para o alumnado.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

O tratamento á diversidade recóllese de diferentes formas:

1. A mellor estratexia para a integración do alumnado con necesidades educativas especiais ou con determinados problemas de aprendizaxe, é implicalos nas mesmas tarefas que ó resto do grupo, con distintos problemas de apoio e esixencia.
2. O tratamento debe ofrecer a posibilidade de retomar un contido non asimilado nun momento posterior de traballo, co cal evitamos a paralización do proceso de aprendizaxe do alumnado, con exercicios repetitivos que adoitan incidir negativamente no nivel de motivación.
3. As actividades propostas, permitirán atender ás demandas de carácter máis profundo por parte de aquel alumnado con niveis de partida máis avanzados ou cunha interese maior sobre o tema estudado.
4. As actividades prácticas son todas susceptibles de traballarse desde distintos niveis, ofrecendo en cada ocasión unha posibilidade de desenvolvemento en función do nivel de partida.

Solicitarase apoio técnico ó departamento de orientación do instituto.



9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

O profesor ademais de instructor e transmisor de coñecementos técnicos é educador; e debe colaborar na formación integral do alumno. Os posibles temas transversais son:

- a) Educación moral e cívica: Fomento de actitudes de respeto cara os demais; fomento de actividades de traballo en equipo.
- b) Educación para a paz: Buscarase favorecer a colaboración entre os alumnos, o respecto polas opinións, ideas, solucións e modos de traballo distintos dos propios.
- c) Educación para a igualdade entre sexos: Fomentarase o trato non discriminatorio; particularmente nas actividades desenvolvidas no taller.
- d) Educación ambiental: inculcando ao alumnado a responsabilidade no tratamento de combustibles, aceites, disolventes, etc... así como na importancia da redución das emisións contaminantes.
- e) Educación para a saúde: Deberase asumir como algo que debe formar parte de tódolos contidos do módulo; fomentando o coñecemento, hábitos e medidas de precaución e seguridade tanto persoais como de uso.
- f) Educación do consumidor: Intentarase capacitar ó alumno para que sexa capaz de ter unha actitude de análise e sentido crítico cara a sociedade de consumo.
- g) Educación vial: Promoverase a análise crítica en certas formas de actitude e comportamento que contraveñan as normas de circulación.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Consideramos que as actividades complementarias e extraescolares son outro dos baremos que mide a calidade educativa, polo que debemos fomentarlas e procurar unha participación importante do alumnado nas mesmas.

As visitas técnicas deben de estar conectadas coas actividades de ensino-aprendizaxe desenvolvidas no centro educativo, co fin de fomentar a relación co contorno productivo e actuar como reforzo dun conxunto coherente de tarefas realizadas na aula, por iso, en calquera caso, estas visitas deben de ter obxectivos concretos e programados e deben organizarse dun xeito que non impliquen unha ruptura co proceso xeral de ensino-aprendizaxe do ciclo.

A visita técnica debe procurar un achegamento á realidade profesional á que está vinculada a competencia profesional do título, sendo estas as definidas polo departamento de Transporte e Mantemento de Vehículos.

A programación da actividade farase no formato especificado no plan de calidade do centro, e adaptarase as características da empresa ou empresas a visitar, posto que unha cousa son as propostas e outra moi diferente a aceptación por parte das empresas das visitas escolares ou das limitacións que someten as mesmas.